

## ENTREVISTA

*C*ón que obxectivos naceu, en 1983, Nova Escola Galega, e como foron mudando co paso dos anos?

-A verdade é que os obxectivos, como tales, non mudaron. Os que constituímos a asociación, eramos grupos que xa estabamos traballando nos anos 70 por Galicia adiante, e que nos xuntamos con dúas perspectivas básicas: por unha banda, a renovación pedagóxica; é dicir, a renovación do ensino dende o punto de vista da metodoloxía, as didácticas e os contidos; e por outra parte, a galeguización do sistema educativo, a incorporación non só da lingua, senón tamén dos contidos da cultura galega. Eses dous eixos seguen a ser agora mesmo o noso leit motiv.

*-Dende o punto de vista da renovación pedagóxica, que é o que se ten avanzado nestes 23 anos?*

-Tense avanzado moito, pero tamén se ten retrocedido algo. É evidente que agora temos unha gran cantidade de medios que daquela non había, pero perdeuse un pouco tamén aquela "chispa" que tiñan os grupos de mestres e mestras que estaban, non só en Galicia, senón no resto do Estado, no entorno dos movementos de renovación pedagóxica (MRP). Digamos que a frescura e a ilusión, por que non dicilo, que había naquel momento por cambiar as cousas, hoxe está un pouco perdida. Claro, hai que pensar que algunhas das funcións que facían os MRP naqueles momentos, foron, dalgunha maneira, introducindo no propio sistema, e hoxe, por exemplo, a formación está máis institucionalizada.

*-Por que coída que se perdeu esa "chispa"?*


-A educación non funciona independentemente do resto da sociedade, e aqueles eran os anos da transición, primeiro, e, a seguir, dos primeiros albores da democracia, nos que moitas persoas tiñamos unhas esperanzas postas no desenvolvemento da sociedade por uns roteiros que... en fin, seguramente non son aos que chegamos. Pero iso ocorre con case todas as utopías; cando se pensa en utopías, normalmente case nunca se conseguen e hai que quedar-se un pouco máis curtos. Nese sentido, coído que moitos dos que estabamos daquela botamos en falta agora cousas, pero, ao mesmo tempo, recoñecemos que houbo unha evolución importante, aínda que queda moito por facer.

*-Outro dos seus obxectivos é a loita pola normalización lingüística...*

-Se ben na renovación pedagóxica houbo algúns avances importantes, lamentablemente, non se pode dicir o mesmo no caso da galeguización do ensino. Máis alá da introdución curricular da lingua e algúns contidos, non houbo avances significativos, e quizais un retroceso. Pola nosa experiencia práctica, damos agora cunha menor resistencia e unha maior aceptación de toda a poboación á introdución da lingua e da cultura galega nas escolas pero, ao mesmo tempo, atopamos un feito costatable, e é que o uso do idioma como lingua vehicular e de relación en escolas e institutos, igual que no resto da sociedade, está baixando dunha maneira importante.

*-E que enteden Vdes. por unha verdadeira normalización do idioma?*

Nós cremos que normalizar a lingua quere dicir que existe un país que ten un idioma propio, e o lóxico e normal é que



JORGE LEAL

## Pepe Lastra

## “Hai que deixar de pechar escolas no rural e dotar de medios ás que xa existen”

*Pepe Lastra é presidente de Nova Escola Galega: unha asociación, a traballar dende hai dúas décadas pola renovación pedagóxica e mais a normalización lingüística, que vén de celebrar en Santiago de Compostela o I Encontro de debate "Medio rural galego, a necesidade dunha resposta educativa"*

NATALIA ÁLVAREZ

os seus habitantes se expresen nel, sen prexuízo, naturalmente, de que logo coñezan cantas máis linguas, mellor. Esa sería a situación normal, e é evidente que non é a que existe agora en Galicia. Polo tanto, aí hai un traballo importante que facer. A iso era ao que me refería antes, cando che dicía o da "chispa" e a diferenza que hai con aqueles tempos. Por darche un exemplo, en Ferrol formamos o grupo *Avantar*, que foi un dos fundadores de Nova Escola Galega, e no que había persoas que hoxe son

escritores famosos, como Agustín Fernández Paz ou Xavier Docampo. *Avantar* fixo naquel momento, antes de que se introducir o galego no ensino de forma oficial, unha convocatoria para entregar uns materiais cos que abordar as ciencias sociais nas escolas. Ben; pois xuntáronse cincuenta ou sesenta persoas de toda a bisbarra de Ferrol, interesadas no tema. Hoxe sería difícil que por unha cuestión desas características se poida xuntar un grupo de xente como aquel.

*-Que resposta lles dan aos que critican a implantación das "galescolas", aqueles que falan de "fundamentalismo lingüístico"?*

-Nós entendemos que o sistema educativo galego ten que partir dunha realidade, e é que non podemos enxergar un tratamento "igualitario" dos dous idiomas na escola, como tampouco na sociedade, porque se hai dúas linguas que están en situación diferente e as tratamos por igual, esa diferenza vai permanecer. E se normalizar quere dicir que hai que conseguir que unha sociedade se instale na súa lingua, sen prexuízo de que tamén sexa competente nas outras, é evidente que a actuación política, educativa, etc. deben basearse nunha discriminación positiva cara a lingua que está minorizada.

*-Pero non pensa que aínda permanecen moitos prexuízos, arredor disto...*

Coido que hai que liberarse deles. Persoas que poñen o "berro no ceo" por mor das "galescolas", non din nada respecto da inmersión lingüística en francés ou inglés. Son prexuízos que aínda quedan na nosa sociedade, que parten do menosprezo e da consideración dunha lingua como socialmente menos relevante que a outra. Este é o fondo da cuestión, porque, dende o punto de vista científico, non hai nada que opor a un desenvolvemento das actividades escolares en galego.

*-Veni de celebrar unhas xornadas sobre escolas e medio rural. Que problemas existen neste eido?*

-A eiva fundamental é considerar o medio rural como o urbano, e aplicar os mesmos criterios estatísticos. Así prodúcese un peche de escolas, e as que non se pechan están funcionando baixo mínimos, porque non teñen os servizos nin o acceso a medios dos centros urbanos. Neste sentido, un dos temas que abordamos é a necesidade de que esta situación sexa asumida non só polo goberno da Xunta, senón polo propio Parlamento, como unha cuestión de Estado, para poder intervir de maneira coexonada, con ideas imaxinativas, con cartos e con propostas de actuacións nos diferentes eidos: económicos, sociais, educativos e culturais. Creemos que debe haber unha intervención artellada, de máxima prioridade, na que hai que contar coa participación dos axentes sociais que traballamos neste eido.

*-Que medidas e propostas debateron?*

-A primeira, de carácter inmediato, sería deixar de pechar máis escolas. E, paralelamente, ir dotando ás que aínda existen de accesos cara ás novas tecnoloxías, dotalas tamén dun profesorado especializado e coa posibilidade de que poidan ofrecer uns servizos complementarios como, por exemplo, comedores. Tamén hai que favorecer a relación entre as diferentes escolas, e que estas poidan servir de dinamizadores sociais da propia comunidade. Nas xornadas tamén comprobamos, a través de estudos que se presentaron, que existe unha dificultade importante engadida para que o alumnado consiga os obxectivos establecidos, o que acaba producindo unha maior porcentaxe de fracaso escolar. Pero isto, nós valorámolo non como un fracaso por parte dos alumnos, senón desde a propia escola ou instituto, no sentido de que non están adaptándose ás circunstancias existentes. Polo tanto, aí habería que actuar con carácter inmediato, ao igual que aquilo que ten que ver coa formación inicial do profesorado, porque non é o mesmo impartirmos unha clase nun instituto dunha cidade que nunha vila grande ou, desde logo, que nunha aldea.